

Definicións Tema 11 España en Europa e no mundo

- **Movimentos antiglobalización:** Corrente de protesta mundial que inclúe a dúzias de grupos de diferentes países, que teñen en común o seu rexeitamento ao capitalismo e ao modelo neoliberal (baseado nunha política macroeconómica, que pretende reducir ao mínimo a intervención estatal en materia económica e social), que está baixo os intereses das grandes organizacións internacionais de países máis ricos, prexudicando aos máis pobres. Nestes movementos danse cita colectivos que inclúen aos sindicatos, os intelectuais de esquerda, ecoloxistas, indixenistas ou grupos desfavorecidos. Organizaron numerosas campañas para a condonación da débeda externa dos países pobres e a reforma de institucións como o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional. Estes movementos adoitan promover protestas (a veces violentas) nos cumios que celebran os países máis poderosos e ricos.

- **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable:** Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), tamén coñecidos como Obxectivos Mundiais, son un chamado universal á adopción de medidas para poñer fin á pobreza, protexer o planeta e garantir que todas as persoas gocen de paz e prosperidade. Estes 17 Obxectivos (e 169 metas) baséanse nos logros dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, aínda que inclúen novas esferas como o cambio climático, a desigualdade económica, a innovación, o consumo sustentable e a paz e a xustiza, entre outras prioridades. Os Obxectivos están interrelacionados, con frecuencia a clave do éxito dun involucrará as cuestións máis frecuentemente vinculadas con outro. Algún exemplo dos 17 obxectivos son: erradicación da pobreza, fame 0, ou acadar a igualdade de xénero.